


**PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES PARA A  
CONTRATAÇÃO, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, DO  
SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DO MUSEO DO  
MAR DE GALICIA.**

**SER/11/19**



## FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS

1.-	TIPO DE CONTRATO	<b>SERVIZO</b> Seguridade e Vixilancia Categoría 23, no. ref. CCP: 873 Número de referencia SER/11/19 Código CPA:74.6 Servizos de investigación e seguridade Código CPV: 74613000-9 Servizos de gardas de seguridade; 74614000-6 Servizos de vixilancia.
2.-	OBXECTO DO CONTRATO	Servizo de Seguridade e Vixilancia do Museo do Mar de Galicia
3.-	PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN	Aberto
4.-	ORZAMENTO DE LICITACIÓN	196.800,00 €, IVE excluído. O IVE ( 18%) ascende á cantidade de 35.424,00 euros.
5.-	VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	A efectos do previsto no artigo 76 da LCSP o V.E será de 393.600,00 euros, IVE excluído.
6.-	PRAZO	Dous anos ( a contar dende o día 15 de marzo de 2011), con posibilidade de prorroga por outros dous anos mais.
7.-	REVISIÓN DE PREZOS	No caso de prorroga do contrato procederase a revisión de prezos actualizándose no IPC rexistrado o ano anterior ao inicio do período de prorroga.
8.-	SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO	Tanto alzado
9.-	EXISTENCIA DE LOTES	Non
10.-	MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA	Ver clasificación
11.-	MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL	Ver clasificación
12.-	CLASIFICACIÓN	Grupo M; Subgrupo 02;Categoría A
13.-	VARIANTES	Non se admiten
14.-	GARANTIA PROVISIONAL	Non se esixe
15.-	GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación do contrato ( IVE excluído)
16.-	PUBLICIDADE	Perfil do contratante
17.-	TRAMITACIÓN	Ordinaria

18.-	LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Os licitadores interesados en tomar parte nesta contratación deberán presentar as súas ofertas antes das catorce horas do día 17 de febreiro de 2011 e presentarse no rexistro da Fundación Museo do Mar de Galicia (Avenida Atlántida 160, 36208 Vigo), nas condicións previstas na cláusula 13 do presente prego.
19.-	DOCUMENTACIÓN A INCLUIR EN CADA SOBRE	<b>SOBRE A: Documentación xeral, sinalada no prego.</b> <b>SOBRE B: Proposta Económica conforme ao Anexo II</b> <b>SOBRE C: Documentación técnica, sinalada no prego</b>
20.-	DOCUMENTACIÓN TÉCNICA A INCLUIR	<p>a. Descrición da empresa, detallando medios materiais e humanos, relación de traballos semellantes desenvolvidos nos últimos tres anos así como certificacións técnicas e de calidade e homologacións para desenvolver traballos de seguridade e vixilancia.</p> <p>b. Memoria técnica de desenvolvemento do traballo.</p> <p>c. Medios humanos e materiais directos e indirectos postos de xeito específico á disposición do servizo</p> <p>d. Declaración de veracidade dos datos presentados.</p>
21.-	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	<p><b>A. Oferta económica:</b></p> <p>Se valorará ata un total de 40 puntos. Farase a media de todas as ofertas valorándose con 30 a mesma (MOA). As ofertas que coincidan co Orzamento de Licitación que figura no cadro (OL) valoraranse con 15 puntos. A oferta máis baixa das admitidas (OMB) se lle asigna unha puntuación de 40 puntos. As ofertas intermedias se valorarán liñalmente de acordo cas fórmulas que figuran no presente Prego.</p> <p><b>B. Oferta técnica.</b></p> <p>Puntuarase sobre un máximo de 40 puntos.</p> <p>B<sub>1</sub>) Memoria técnica de desenvolvemento do traballo, conforme a prego, 20 puntos</p> <p>B<sub>2</sub>) Experiencia directa de servizos en Museos e Centros culturais ou semellantes, 10 puntos</p> <p>B<sub>3</sub>) Sistemas de control de calidade do servizo e homologacións da empresa para desenvolve-los traballos descritos, 10 puntos</p> <p><b>C. Melloras.</b></p> <p>Terán consideración de mellora aqueles servizos e/ou encomendas non contempladas no prego e que sirvan para complementa-lo. Puntuarase sobre un máximo de 20 puntos, en función da contía económica e utilidade das mesmas.</p>
22.-	LIMIAR DE PUNTUACIÓN TÉCNICA	As empresas que non obteñan no apartado Técnico unha puntuación igual ou superior a 26,67 puntos (2/3 do total), quedarán eliminadas do proceso de adxudicación
23.-	RESPONSABLE DO CONTRATO	Pablo Carrera López, director do Museo do Mar de Galicia
24.-	SUBROGACIÓN DO PERSOAL	Si, ver Anexo adxunto ao prego de prescricións técnicas.
25.-	PRESUNCION DE BAIXA TEMERARIA	As proposicións cunha porcentaxe de baixa que exceda en máis de 5 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas e admitidas tanto administrativa como tecnicamente.

26.-	FORMA DE PAGO	Por transferencia bancaria, previa presentación de factura mensual e por meses vencidos.
27.-	ESIXENCIA DE SUSCRIPCIÓN DE PÓLIZAS DE SEGURO	Si, coas características, coberturas e duración especificadas no Anexo I.
28.-	GASTOS DE PUBLICACIÓN DOS ANUNCIOS	Por conta do adxudicatario, cun máximo de 800,00 euros, IVE excluído.

O órgano de contratación acorda aprobar a presente folla de especificacións, en Vigo, a 24 de xaneiro de 2011.

O Secretario do Padroado



Pablo Carrera López

**PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES DO CONTRATO PARA O SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DO MUSEO DO MAR DE GALICIA**

**CAPÍTULO I**

**OBXECTO, PRAZO E ORZAMENTO**

**Cláusula 1. Obxecto.-** O contrato ten por obxecto a contratación dun servizo de seguridade e vixilancia para o Museo do Mar de Galicia por espazo de dous anos, segundo os extremos e coas características técnicas que se describen no Prego de Prescricións Técnicas.

O servizo realizarase dende as dependencias do Museo do Mar de Galicia na Avenida Atlántida 160, 36208 Vigo.

De acordo co establecido no Anexo II da LCSP, en relación co disposto no artigo 10 da mesma, trátase dun contrato de servizos incluído na Categoría 23, no. ref. CCP: 873

**Cláusula 2. Prazo.-** O contrato, que se verificará a conta e risco do adxudicatario, terá un prazo máximo de vixencia de dous anos, podendo prorrogarse por outro periodo de dous anos mais.

**Cláusula 3. Valor estimado e orzamento.-**

1.- A efectos de determinar a publicidade e procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar sen incluír o IVE que deberá soportar o Museo do Mar de Galicia ascende á cantidade de **393.600,00 €**.

2.- O orzamento de licitación autorizado para esta contratación é de **196.800,00 euros, IVE excluído. O IVE (18%) ascende á cantidade de 35.424,00 euros.**

Os licitadores deberán presentar a súa oferta económica segundo o modelo que se inclúe como Anexo ao presente prego.

A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración, tributos, taxas e exaccións de toda índole que se devenguen por razón do contrato. O Imposto sobre o Valor Engadido deberá, non obstante, incluírse na oferta en partida independente do prezo do contrato.

3.- O prezo final do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá, como partida independente, o IVE.

**Cláusula 4. Financiamento.-** O contrato será financiado con cargo ao orzamento de explotación da Fundación Museo do Mar de Galicia para os anos 2011, 2012 e 2013, no que existe crédito suficiente.

## CAPÍTULO II

### REXIME XURÍDICO

**Cláusula 5. Réxime Xurídico.-** O réxime xurídico do presente contrato estará constituído polas seguintes normas:

1. A Fundación Museo do Mar de Galicia foi constituída polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, entidade de Dereito público dependente da Administración Xeral do Estado, o 30 de decembro de 2002, o abeiro do dereito reconecido no artigo 34.1 da Constitución Española, e de acordo coa capacidade que posúe para iso de conformidade co art. 8.1 e 4 da Lei 50/2002, de 20 de decembro, de Fundacións. De acordo co disposto no artigo 44 da devandita lei, a Fundación Museo do Mar de Galicia é unha fundación do sector público estatal. Asemade, foi reconecida como de interese galego .
2. En canto tal rexerese polas disposicións que constan na Lei 50/2002, de 20 de decembro, de Fundacións, que esta declara de carácter básico ou de aplicación xeral á totalidade das fundacións e, no que non contradigan a aquelas, farao tamén pola Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, e polo Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego aprobado por Decreto autonómico 248/1992, de 18 de xuño.
3. De conformidade co art. 20 LCSP os contratos que celebre o Museo do Mar de Galicia terán carácter privado.

Consideraranse parte do contrato o presente Prego de Cláusulas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, que revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados en proba de conformidade polo adxudicatario no acto mesmo de formalización do contrato.

4. Conforme aos artigos 13 e 16 da LCSP, o presente contrato non se atopa suxeito a regulación harmonizada.
5. Con data de 26 de xuño de 2008 foron aprobadas polo Padroado da Fundación as Instrucións de Contratación da Fundación Museo do Mar de Galicia, de acordo co art. 175 LCSP, que rexerán este contrato, e atópase no Perfil do Contratante da Fundación publicado na páxina Web da mesma ([www.museodomar.com](http://www.museodomar.com)).
6. De acordo co establecido no artigo 49 das Instrucións, o presente contrato adxudicarase por procedemento aberto descrito nos artigos 65 á 69 das mesmas. Non obstante, o Padroado da Fundación Museo do Mar de Galicia acordou, en sesión celebrada o pasado 17 de decembro, facultar ao director do Museo para ostentar por delegación da Comisión xestora a representación da Fundación nos trámites

administrativos e xestión necesaria para o inicio, aprobación de pregos e resolución da presente contratación.

**Cláusula 6. Orde Xurisdiccional.**- Conforme ao disposto no artigo 8 das Instrucións, a orde xurisdiccional civil será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

**Cláusula 7. Coñecemento por parte da empresa adxudicataria do contrato e das súas normas reguladoras.**- O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole acordadas polo Museo do Mar de Galicia que poidan ter aplicación á execución do pactado, non eximirá á empresa adxudicataria da obrigaón do seu cumprimento.

O adxudicatario obrígase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, Seguridade Social, protección civil, Protección de Datos e calquera outras de carácter xeral.

### CAPÍTULO III


#### PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

**Cláusula 8.- Xustificación do procedemento de adxudicación.**

8.1. A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar ascende á cantidade de **393.600,00 €**.a IVE aparte.

8.2. O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de valoración que se establecen na cláusula 18 deste prego.

8.3. Organo de contratación. Para os efectos da presente licitación e conforme ao artigo 19 b) das Instrucións de Contratación, o órgano de contratación do Museo do Mar de Galicia estará composto polo Director do Museo por delegación da Comisión xestora acordada na xuntanza do Padroado celebrada o pasado 17 de decembro de 2010. O órgano será asistido pola asesoría xurídica da Fundación, ostentada pola Avogacía Xeral do Estado.



## CAPÍTULO IV

### CAPACIDADE PARA CONTRATAR

#### Cláusula 9.- Capacidade para contratar

##### 9.1. Aspectos xerais de aptitude para contratar co Museo do Mar de Galicia.

9.1. 1. En virtude do disposto no capítulo IV das Instrucións de Contratación da Fundación poderán contratar co Museo do Mar de Galicia as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente, e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incurso nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que se esixise, estean debidamente clasificadas.

9.1.2. Asemade, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que sexa esixíbel para a realización da actividade de mantemento de edificios e instalacións que constitúe o obxecto do contrato.

##### 9.2. Acreditación da aptitude para contratar.

9.2.1. A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución ou modificación, no seu caso, dos estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

9.2.2. A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

9.2.3. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, que acredite que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, de contratos do sector público do Estado español. Ademais deberán aportar Certificado do Rexistro Mercantil acreditativo da inscrición no Estado español da sucursal na que se exprese a designación de apoderados ou representantes no Estado español.



9.2.4. No suposto de empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada, ou as súas fotocopias autenticadas.

### **9.3. Condicións especiais de compatibilidade.**

9.3.1. As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma substancialmente análoga.

9.3.2. Non poderán concorrer ás licitacións aquelas empresas que tiveran participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato sempre que dita participación poda provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras, segundo dispón o artigo 22 das Instrucións e o 45.1 da LCSP.

### **9.4. Normas especiais de capacidade.**

9.4.1. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias dos contratos licitados polo Museo do Mar de Galicia cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lle sexan propios, de conformidade co disposto no artigo 22 das Instrucións e o 46.1 da LCSP.

9.4.2. En todo caso, terán capacidade para contratar co Museo do Mar de Galicia as empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea que, de conformidade coa lexislación do Estado en que estean establecidas se encontren habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado no que se encontren establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que trate, deberán acreditar que cumpren este requisito, como reza o artigo 22 das Instrucións e o 47.1 da LCSP.

### **9.5. Unións de empresarios.**

Respecto ás unións de empresarios deberá terse en conta o seguinte, tal e como dispón o artigo 22 das Instrucións e o 48 da LCSP.

9.5.1. Poderán contratar co Museo do Mar de Galicia as unións de empresarios que se constituán temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública até que se teña efectuada a adxudicación do contrato ao seu favor.

9.5.2. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ate a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que podan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

9.5.3. A efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. As persoas que firmen o compromiso de constitución de UTE por cada unha das empresas deberán ter poder suficiente para o acto ao que se comprometen en nome das súas representadas, tendo que aportar escritura notarial ou testemuña notarial que acredite tal extremo. Cada empresa acreditará a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos salientados. A efectos da valoración da solvencia técnica, profesional e económica, estarase ao disposto no artigo 24 do RXLCAP.

9.5.4. A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato até a súa extinción.

#### **Cláusula 10.- Prohibicións de contratar.**

1.- Non poderán contratar co Museo do Mar de Galicia as persoas en quen concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 49 LCSP.

2.- As prohibicións de contratar afectarán tamén a aquelas persoas ou empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poda presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou escisión, doutras empresas nas que tiveran concorrido aquelas.

3.- Serán nulas de pleno dereito as adxudicacións de contratos a favor de persoas que carezan de capacidade de obrar ou de solvencia, e das que estean comprendidas nalgún dos supostos do artigo 49.1 LCSP. Sen prexuízo do anterior, o órgano de contratación poderá acordar que o empresario continúe na execución do contrato, baixo as mesmas cláusulas, polo tempo indispensable para evitar prexuízos ao interese público correspondente.

## **CAPÍTULO V**


### **PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

#### **Cláusula 11.- Procedemento de adxudicación.**

A adxudicación do contrato realizarase polo órgano de contratación mediante procedemento aberto (artigo 49 das Instrucións).

#### **Cláusula 12.- Contido das proposicións.**

1.- As proposicións suxeitaranse ao modelo establecido que se xunta como Anexo II ao presente Prego, e a súa presentación presume unha aceptación incondicionada polo



empresario do contido do contrato, do Prego de Cláusulas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas.

As proposicións deberán incluírse nun sobre fechado con indicación do procedemento ao que se concorra e o nome e apelidos ou razón social da empresa interesada, números de teléfono e de fax, e enderezo de correo electrónico, de dispoñer deles, así como coa sinatura do interesado ou persoa que lle represente. No exterior do sobre deberá constar necesariamente a seguinte referencia: “Proposición e documentación xeral e de solvencia para a adxudicación do servizo de Seguridade e Vixilancia do Museo do Mar de Galicia mediante procedemento aberto. Expte SER/11/19”.

A empresa deberá presentar todos os documentos oficialmente traducidos ao galego ou ao castelán; **os documentos deben ser orixinais ou, na súa falta, copias auténticas ou fotocopias regulamentariamente compulsadas.**

A proposición constará de **tres sobres (documentación xeral, proposición económica e oferta técnica)**, cada un dos cales se presentará pechado e asinado polo licitador ou persoa que validamente o represente, facendo constar no anverso o contido do mesmo, nome do licitador e obxecto do contrato.


2.- DOCUMENTACIÓN XERAL. O sobre A deberá conter a documentación xeral que se detalla a seguir, que deberá estar relacionada e numerada en folia independente:

**a) Presentación da empresa:** Solicitud de participación, subscrita polo representante lexítimo da empresa ou persoa con poderes bastantes ao efecto.

A efectos de notificación a empresa aportará un documento onde figure domicilio, teléfono, fax e e-mail.

**b) Acreditación da personalidade.**

Empresarios individuais	- Fotocopia compulsada do DNI da persoa titular ou propietaria da empresa.
Para persoas xurídicas españolas	- Copia autenticada ou compulsada do <b>Código de Identificación Fiscal (CIF)</b> - <b>Escritura ou documento de constitución, ou estatuto, debidamente inscrito, no seu caso, no Rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.</b>
Contratistas non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo	- Acreditarán a súa inscrición no rexistro profesional ou comercial cando este requisito se esixa pola lexislación do Estado respectivo, ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.



Contratistas de Estados non membros da Unión Europea	- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, que acredite que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP do Estado español. Ademais deberán aportar Certificado do Rexistro Mercantil acreditativo da inscrición no Estado español da sucursal na que se exprese a designación de apoderados ou representantes no Estado español.
--	--

**c) Documentación acreditativa da representación.** Os que comparezan ou asinen proposicións no nome doutro ou representen a unha persoa xurídica acompañarán poder acreditativo da súa representación, en orixinal ou copia compulsada. Igualmente, deberán presentar copia compulsada do DNI da persoa a quen se outorgou o apoderamento ou representación.

Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegarase copia autenticada ou compulsada da escritura de constitución da sociedade, e modificación de ser o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, con aqueles particulares dos estatutos ou dos acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente dos mesmos, presentarase ademais escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil.

**d) Declaración responsable** suscrita por quen asine a proposición na que se faga constar, tanto no que se refire ás persoas físicas como ás xurídicas licitantes que non se atopan incursas en prohibición de contratar, conforme ós artigos 62 e 130.1.c) da LCSP. (Anexo I)

**e) Declaración responsable** suscrita por quen asine a proposición na que se faga constar, tanto no que se refire ás persoas físicas como ás xurídicas licitantes que se atopa ao corrente, no momento de presentar a súa proposición, no cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia, das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e que consta dado de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE), estando ao corrente no seu pagamento. Todo isto, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales requisitos se lle requira ao adxudicatario provisional do contrato, concedéndoselle para tal efecto un prazo máximo improrrogable de 3 días hábiles contados dende o seguinte á data de notificación de dito requirimento. (Anexo I)

A solicitude de tal documentación por parte do Museo do Mar de Galicia, non xerará ningún dereito a favor do licitador seleccionado.

**f) Clasificación:** As empresas deberán acreditar estar en posesión da clasificación no **Grupo M** (servizos especializados), **Subgrupo 2** (servizos de seguridade, custodia e protección); **Categoría A**

**g) Documentación acreditativa da solvencia económico-financeira e técnica ou profesional.** Non será precisa ao requiriren clasificación

h) As empresas estranxeiras deberán presentar, ademais, a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de xeito directo ou indirecto, puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante.

i) Respecto dos empresarios que desexen facer valer a súa inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á Consellería de Industria e Comercio, ou, no seu caso, no Rexistro Oficial de Contratistas do Ministerio de Economía e Facenda, deberán indicar o número de inscrición no anverso do sobre.

Non será suficiente a estes efectos a presentación do certificado no cal unicamente figure o número da inscrición, debendo presentarse a certificación LITERAL E COMPLETA na que consten todos os datos do licitador.

Non obstante, non quedarán eximidos de presentar os documentos que acrediten a solvencia financeira e económica, técnica ou profesional, así como o resguardo acreditativo de ter constituída a garantía provisional.

j) **Condições adicionais de aptitude:** Sistemas de Xestión de Calidade, mediante normas ISO certificadas por Entidade Acreditada por ENAC.

k) **Conformidade coa cesión de datos**, segundo modelo do Anexo III do presente prego.

l) **Compromiso de subscripción de póliza de seguros**, coas características, coberturas e duración establecidas no Anexo I.


m) **Confidencialidade**, propiedade intelectual e Lei Orgánica de Protección de Datos, segundo modelo contido no Anexo I.

n) **Declaración sobre grupo empresarial:** Declaración xurada da persoa asinante da proposición na que se faga constar expresamente si no mesmo expediente de licitación presentan ou non proposicións económicas outras sociedades dun mesmo grupo empresarial (segundo establece o artigo 42.1 do Código de Comercio) sinalando en caso afirmativo as denominacións sociais das correspondentes empresas.

o) Declaración asinada polos representantes de todas as empresas na que se comprometan a constituír a UTE indicando a porcentaxe de participación de cada unha delas na Unión Temporal e a persoa o entidade que durante a vixencia do contrato ostentará a representación de todas elas fronte a Fundación.

p) Certificación expedida pola Dirección Xeral de Policía, acreditando que a empresa licitadora figura inscrita no **Rexistro Xeral de empresas de seguridade** do Ministerio do Interior.

### 3.- PROPOSICIÓN ECONÓMICA (SOBRE B).



No segundo sobre, marcado coa letra "B" en lugar visible, conterá a seguinte documentación:

**Oferta económica.** A oferta económica expresarase segundo o modelo que figura como anexo deste prego. Efectuarase para a totalidade dos servizos, incluíndo nela todo tipo de custos, impostos, ou taxas esixibles. Deberá constar o IVE en partida independente.

**Presunción de baixa temeraria.** Presumiranse anormais ou desproporcionadas as ofertas daquelas empresas que presenten unha proposición económica cunha porcentaxe de baixa que exceda en máis de 5 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas e admitidas tanto administrativa como tecnicamente.

En tales supostos, estarase ao disposto nos apartados 3 e 4 do artigo 136 do LCSP.

#### 4.- OFERTA TÉCNICA (SOBRE C).

No terceiro sobre, marcado coa letra "C" en lugar visible, conterá a seguinte documentación:

- a) A oferta técnica, coa descrición do servizo ofertado, así como as prestacións que asume o licitador. A documentación achegada en virtude do esixido neste apartado, servirá para a valoración dos criterios definidos na cláusula 18.
- b) Descrición da eventuais melloras ou servizos adicionais ofrecidos polo licitador con respecto aos requirimentos mínimos previstos no Prego de Prescricións Técnicas. A documentación achegada, servirá de valoración dos criterios da cláusula 18 do Prego.
- c) Calquera outras circunstancias que queiran incluírse na Documentación Técnica e vencelladas ao obxecto específico do contrato que se pretende.


#### Cláusula 13.- Prazo e presentación de ofertas.

1.- As ofertas presentaranse no **antes das catorce horas do día 17 de febreiro de 2011** na forma indicada nos apartados seguintes.

2.- As proposicións deberán presentarse nas formas seguintes:

a) no Rexistro Xeral do Museo do Mar sito na Avenida Atlántida 160, 36208 Vigo,, tfno 986 247750 dentro do prazo de admisión sinalado e ata as 14 horas do derradeiro día do prazo establecido.

b) Tamén poderán enviarse por Correos (Sociedad Estatal Correos e Telégrafos S.A.) dentro do prazo de admisión sinalado, xustificando a data e hora do envío (que deberán estar dentro do prazo fixado ao efecto) anunciándoo por fax, télex, telegrama ou correo electrónico remitido ao Museo do Mar de Galicia ese mesmo día. O envío do anuncio por correo electrónico ([gradin@museodomar.es](mailto:gradin@museodomar.es); [pablo.carrera@museodomar.es](mailto:pablo.carrera@museodomar.es)) se axustará ao establecido en canto a súa validez no artigo 80.4 do Regulamento Xeral da TRLCAP. Esta forma de comunicación só será válida si existe constancia da transmisión e recepción, da súas datas e do contido íntegro das comunicacións e si se identifica fidedignamente ao remitente e destinatario. Sen a existencia de ambos requisitos (presentación en prazo e



anuncio do envío por correos ao órgano de contratación) , a proposición non será admitida. Si a pesar da xustificación do envío da documentación, transcorreran máis de tres días naturais seguintes a indicada data sen haberse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

3.-. A presentación das proposicións presume unha aceptación incondicionada polo empresario do contido do contrato, do Prego de Cláusulas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas.

A empresa deberá presentar todos os documentos oficialmente traducidos ao galego ou ao castelán; os documentos deben ser orixinais ou, na súa falta, copias auténticas ou fotocopias regulamentariamente compulsadas.

**Cláusula 14. Órgano de Contratación.-** Para os efectos da presente licitación e conforme ao artigo 19 b) das Instrucións de Contratación, o órgano de contratación do Museo do Mar de Galicia estará composto polo Director do Museo por delegación da Comisión xestora acordada na xuntanza do Padroado celebrada o pasado 17 de decembro . O órgano será asistido pola asesoría xurídica da Fundación, ostentada pola Avogacía Xeral do Estado.

#### **Cláusula 15.- Cualificación da documentación xeral.**

1.- Concluído o prazo de presentación de proposicións, o órgano de contratación procederá á cualificación da documentación xeral e á comprobación da documentación acreditativa da solvencia esixida achegada polos solicitantes, e se observase defectos materiais na documentación presentada, o notificará por fax, telegrama ou correo ao interesado correspondente, deixando constancia da devandita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a corenta e oito horas para que o subsane.

Agora ben, se a documentación dalgún interesado contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido ao procedemento de adxudicación.

Na marxe da emenda a que se refire o parágrafo anterior, o órgano, para os efectos de completar a acreditación da solvencia dos solicitantes, poderá solicitar destas as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de tres días naturais.

2.- O órgano de contratación, unha vez cualificada a documentación e realizadas as subsanacións e, se é o caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se tiver conferido ao efecto, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección con pronunciamiento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

Paralelamente ao anáalise da documentación administrativa achegada e sen menoscabo dos requirimentos de subsanación, aclaración ou rexeitamento que procedan, o órgano de contratación procederá a analizar a documentación técnica.

Unha vez que o órgano de contratación procedeu á realización das anteriores actuacións, no día e hora sinalados no anuncio de licitación se acordará e notificará en sesión pública a ADMISIÓN ou EXCLUSIÓN dos licitadores, procedéndose acto seguido o acto público de apertura da proposición económica que se celebrara no propio Museo do Mar de Galicia

#### **Cláusula 16.- Ofertas dos interesados.**

- 1.- As ofertas dos interesados referiranse á totalidade dos servizos obxecto do contrato.
- 2.- Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato.

O empresario que presentase algunha oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, pola súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

#### **Cláusula 17.- Exame das ofertas.**

- 1.- Concluído o prazo de presentación de ofertas, o órgano de contratación examinará o seu contido e, tras solicitar, se é o caso, os informes técnicos que estime oportunos, efectuará un informe de valoración das mesmas.
- 2.- O órgano de contratación poderá estimar que as ofertas presentadas son anormais ou desproporcionadas cando presenten unha proposición económica cunha porcentaxe de baixa que exceda en máis de 5 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas.
- 3.- Non se admitirán, e quedarán automaticamente excluídas, aquelas propostas que excedan o importe do orzamento máximo, fixado que figura no Cadro anexo ao presente Prego e na convocatoria do concurso.

## **CAPÍTULO V**

### **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

**Cláusula 18. Criterios de valoración das ofertas.-** Os criterios de adxudicación que se terán en conta para valorar as ofertas presentadas serán os seguintes, relacionados en orde decrecente de importancia e ponderación:

**Proposta económica: ata 40 puntos**

- Calcularase o valor medio de devanditas ofertas económicas (MOA) que será a media aritmética da suma dos importes de todas, dividido polo seu número

$$MOA = \frac{\sum OA}{Ni}$$



- Á oferta cuxo importe coincida co Orzamento de Licitación por contrata (OL), é dicir a oferta con baixa cero, asígnaselle unha puntuación de 15 puntos.
- Á oferta que coincida co valor de MOA (Media de importes das ofertas admitidas) asígnaselle unha puntuación de 30 puntos.
- Á oferta co importe máis baixo das admitidas (OMB), asígnaselle unha puntuación de 40 puntos.
- O resto das propostas de valorarán conforme aos dous seguintes criterios

Ofertas entre OMB e MOA: valoración liñal conforme a fórmula

$$P_i = \frac{(P_{OMB} - P_{MOA}) \times IOV + P_{MOA} \times OMB - P_{OMB} \times MOA}{OMB - MOA}$$

Onde  $P_i$ ,  $P_{OMB}$ ,  $P_{MOA}$ ,  $OMB$ ,  $MOA$ ,  $IOV$  son respectivamente a puntuación da oferta obxecto de valoración, puntuación da oferta máis baixa das admitidas (40 puntos), puntuación da oferta media das admitidas (30 puntos), importe da oferta máis baixa das admitidas, importe da oferta media das admitidas e importe da oferta obxecto de valoración.

Ofertas entre MOA: e OL Valoración liñal conforme a fórmula:

$$P_i = \frac{(P_{MOA} - P_{OL}) \times IOV - OL \times P_{MOA} + MOA \times P_{OL}}{MOA - OL}$$

Onde  $P_i$ ,  $P_{MOA}$ ,  $P_{OL}$ ,  $MOA$ ,  $OL$ ,  $IOV$  son respectivamente a puntuación da oferta obxecto de valoración, puntuación da oferta media das admitidas (30 puntos), puntuación da oferta coincidente do Orzamento de Licitación (15 puntos), importe da oferta media das admitidas, orzamento de licitación e importe da oferta obxecto de valoración.

- No caso de que haxa menos de catro propostas valorar, a oferta co importe máis baixo das admitidas (OMB), asígnaselle unha puntuación de 40 puntos; para a restantes aplicaráselles a seguinte fórmula:

$$P_i = 40 - [(IOV/OMB) - 1] \times 100$$

Onde  $OMB$ ,  $IOV$  son respectivamente importe da oferta máis baixa das admitidas e importe da oferta obxecto de valoración

#### Proposta técnica: ata 40 puntos

- Memoria técnica de desenvolvemento do traballo, conforme a prego, 20 puntos
- Experiencia directa en servizos de Museos, Centros Culturais o semellantes, 10 puntos
- Sistemas de control de calidade do servizo e homologacións da empresa para desenvolve-los traballos descritos, 10 puntos


#### Proposta de melloras: ata 20 puntos

Terán consideración de mellora aqueles servizos e/ou encomendas non contempladas no prego e que sirvan para complementalo e/ou necesarias para optimiza-lo rendemento do servizo descrito así como aqueles melloren a seguridade pasiva e control do Centro Arqueolóxico do Areal-Salinae, a finca colindante ao Museo e o propio aparcamento do Museo. Se puntuará sobre un máximo de 20 puntos, en función da contía económica e utilidade da mesma.

As empresas quen non obteñan no apartado técnico unha puntuación igual ou superior a 26,67 puntos (2/3 do total), quedarán eliminadas do proceso de adjudicación.

#### Cláusula 19.- Adjudicación provisoria

O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas, por orde decrecente, atendendo aos criterios a que fai referencia a cláusula anterior, e elevará a súa proposta de adjudicación provisoria do contrato ao licitador que presente a que resulte máis vantaxosa.



O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados.

O órgano de contratación ditará adxudicación provisoria do contrato no prazo máximo de 10 días, contado desde a finalización do prazo de presentación das ofertas. Transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior sen que se dite acordo resolutorio, os interesados poderán retirar as súas ofertas.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que deberá publicarse no perfil de contratante do órgano de contratación e notificarse ao/á adxudicatario/a.

No prazo máximo de 3 días hábiles contados desde o seguinte a aquel no que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante, o/a adxudicatario/a provisional deberá presentar a documentación que se relaciona, agás que obre xa no poder do órgano de contratación por aportarse no Sobre A:

- a) Certificación positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente, acreditativa de que a empresa se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, entendendo por tales as previstas nos artigos 14 e 15 do RXLCAP.
- b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) que acredita que o/a licitador/a se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, entendendo por tales a recollida nos artigos 13 e 15 do RXLCAP
- c) Certificación positiva expedida polo órgano competente da Consellería de Economía e Facenda (Xunta de Galicia) na que se teña constancia que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Orixinal ou copia compulsada do impreso de alta no imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou do último recibido completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no citado imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da administración competente, ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 €), respecto dos suxeitos pasivos enunciados na letra c) do artigo 82.1 da citada norma legal.

- e) Xustificante de ter constituída a **GARANTÍA DEFINITIVA** polo importe do 5% (cinco por cento), do importe de adxudicación, con exclusión do IVE. A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 84 da LCSP. Esta garantía constituirase mediante aval prestado por algún dos Bancos, Caixas de Aforros, Cooperativas de Crédito e Sociedades de Garantía Recíproca autorizados para operar en España. A garantía definitiva será devolvida ao finalizar a execución do contrato.
- f) Poliza de seguros coas características e coberturas establecidas no Anexo I e recibo de pago correspondente.

De non presentarse a documentación sinalada en forma e prazo, a empresa que resultara adxudicatario provisional resultará excluída e o Museo do Mar de Galicia poderá efectuar unha nova adxudicación provisional.

Cando non proceda a adxudicación do contrato ao licitador que tivese resultado adxudicatario por non cumprir este as condicións necesarias para iso, antes de proceder a unha nova convocatoria o Museo do Mar de Galicia poderá efectuar a adxudicación do contrato ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade, en cuxo caso se concederá a este un prazo de 3 días hábiles para cumprimentar o sinalado no apartado anterior.

Este mesmo procedemento poderá seguirse cando se trate de continuar a execución do contrato xa iniciado e que sexa declarado resolto.

#### **Cláusula 20.- Adxudicación definitiva.**

A adxudicación provisional poderá elevarse automaticamente a definitiva unha vez que o/a adxudicatario/a seleccionado/a provisionalmente presente correctamente toda a documentación esixida para poder ser o/a adxudicatario/a definitivo/a.

A adxudicación definitiva será publicada no perfil do contratante do órgano de contratación e notificada aos/ás licitadores/as e, se estes o solicitan, facilitaráselles información, nun prazo máximo de 15 días a partir da recepción da petición en tal sentido, dos motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e das características da proposición do/a adxudicatario/a que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

## **CAPÍTULO VII**

### **FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

**Cláusula 21. Documentos contractuais.-** O contrato formalizarase dentro do prazo máximo de dez días a partir do seguinte ao da notificación da adxudicación, conforme a o disposto no artigo 26 da LCSP. Poderá elevarse a escritura pública cando o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Conforme a lexislación vixente, a empresa adxudicataria está obrigada a visa-lo contrato na Oficina Policial que xuridicamente lle corresponda, non tendo validez o mesmo ata haberse cumprido este requisito. Polo tanto, os servizos adxudicados non poderán comezar ata que o Contratista teña obtido dito visado, remitindo unha copia do mesmo á Fundación para a súa constancia, coñecemento e demais efectos.

A demora que, no seu caso puidera experimentar o inicio do servizo ou a imposibilidade de realiza-lo mesmo por esta causa non dará lugar á revisión de prezos nin do importe da adxudicación, nin outorgará ao adxudicatario dereito a indemnización algunha, xa que logo as da mesma non son imputables á Fundación. Se transcorrido o prazo dun mes, computado dende a sinatura do contrato non se obtivera o correspondente visado, a Fundación poderá rescindi-lo contrato, procedendo a incautación da garantía e o Contratista deberá indemnizar á Fundación polos danos e prexuízos causados, de acordo co establecido no artigo 54.3 do TRLCAP para o caso de imposibilidade de formalización do contrato por causas imputables ao Contratista.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non puidese ser formalizado o contrato, o Museo do Mar de Galicia acordará a resolución deste.

Considéranse como parte integrante do contrato os Pregos de Cláusulas Particulares e de Prescricións Técnicas, debendo de ser unidos ao contrato e asinados polo adxudicatario no acto mesmo de sinatura do contrato.

## **Cláusula 22. Póliza de Responsabilidade Civil.-**

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá acreditar a constitución dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, por un importe mínimo de 5.000.000,00 euros para responder dos danos persoais e materiais derivados da prestación do servizo, coas características e coberturas especificadas no Anexo I. A acreditación realizarase mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.

## **CAPÍTULO VIII**

### **RELACIÓNS XERAIS ENTRE O MUSEO DO MAR E O CONTRATISTA**

**Cláusula 23. Órgano de contratación e responsábel do contrato.-** A efectos do disposto no presente Prego, as mencións que no mesmo se realicen ao órgano de contratación entenderanse referidas a Mesa de Contratación enunciada na cláusula 14 do presente prego.

Desígnase responsábel do contrato ao Director do Museo.

**Cláusula 24. Facultades do Museo do Mar de Galicia respecto ao contratista e o seu persoal.-** Cando o contratista, ou as persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturban a execución do contrato, o responsábel do contrato poderá esixir a adopción de medidas concretas e eficaces para conseguir ou



restablecer a boa orde na execución do pactado, sen prexuízo do disposto no presente Prego sobre do cumprimento dos prazos e as causas de resolución do contrato.

## CAPÍTULO IX

### OBRIGAS SOCIAIS, LABORAIS E ECONÓMICAS

**Cláusula 25. Obrigacións sociais e laborais do contratista.-** O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo o Museo do Mar de Galicia do todo alleo as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empresario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de Seguridade e Saúde no traballo.

O incumprimento destas obrigacións por parte do contratista, ou a infracción das disposicións vixentes sobre seguridade e saúde por parte do persoal técnico designado polo contratista, non implicará responsabilidade algunha para o Museo do Mar de Galicia.

O contratista procederá inmediatamente, se fose necesario, á substitución do persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

O contratista comprometerá o estrito cumprimento do establecido na lei 31/95 de Prevencións de Riscos Laborais, contando o seu persoal con todos elementos precisos para desenvolver a súa actividade. Deberá asemade aplicarse o procedemento de coordinación de actividades empresariais.

**Cláusula 26. Gastos e taxas de conta do contratista.-** Serán de conta do contratista:

- Os gastos derivados da licitación, publicidade e formalización do contrato.
- As licencias, visados, impostos e taxas de toda índole devengadas, ou que poidan devengarse pola execución do contrato.
- Gastos e pagos a subcontratistas por servizos e inspeccións, necesarias para a realización do servizo, non realizadas directamente polo contratista.

**Cláusula 27. Risco e ventura.-** O contrato executarase a risco e ventura do contratista. Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato non previstas no mesmo, que non sexan imputables ao Museo do Mar de Galicia, e non teñan a consideración de forza maior.

**Cláusula 28. Responsabilidade do contratista.-** O contratista será responsable da calidade dos servizos que entregue, dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para ao Museo do Mar de Galicia ou para terceiros, das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

**Cláusula 29. Propiedade industrial e comercial.-** O contratista, para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos necesarios para a execución do contrato, deberá obter as cesións, permisos e autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modelos e marcas de fábrica correspondentes, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos se os houber.

O contratista será responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial dos materiais, subministracións, procedementos e equipos utilizados na execución do contrato, e deberá indemnizar ao Museo do Mar de Galicia todos os danos e prexuízos que para a mesma poidan derivarse da interposición de reclamacións.

**Cláusula 30. Reserva e confidencialidade dos datos.-** O contratista debe garantir en todo momento a reserva e confidencialidade da información e dos datos que reciba no desenvolvemento dos traballos. Deseñará procesos de traballo e controis que impidan un uso inadecuado dos mesmos.

Estarase, en todo caso, ao previsto nas Instrucións internas de contratación do Museo do Mar de Galicia.

## CAPÍTULO X

### EXECUCIÓN DO CONTRATO

**Cláusula 31. Programa de traballo.-** O adxudicatario deberá presentar un programa de traballo definitivo no prazo dun mes a contar dende a notificación da adxudicación definitiva do contrato, que será aprobado polo responsábel do contrato.


**Cláusula 32. Da inspección do contrato.-** O Museo do Mar de Galicia terá a facultade de exercer, de xeito continuado e directo, as súas facultades de inspección sobre o desenvolvemento do contrato, e de ser informada cando o solicite do proceso de prestación do servizo, podendo ordenar cantas instrucións estime oportunas para o estrito cumprimento do convindo.

O contratista quedará obrigado a facilitar a realización das inspeccións que acorde ao Museo do Mar de Galicia, facilitando os antecedentes, informes e datos necesarios para garantir a súa plena efectividade. O incumprimento desta obrigaón poderá dar lugar á resolución do contrato.

## CAPÍTULO XI

### ABONO DOS TRABALLOS REALIZADOS

**Cláusula 33. Prezo do contrato.-** O prezo de referencia do contrato será o que resulte da oferta económica presentada pola empresa adxudicataria.



**Cláusula 34. Revisión de prezos.-** En caso de prorroga do contrato procederase á revisión de prezos actualizando o prezo no IPC rexistrado o ano anterior ao inicio do período de prorroga.

**Cláusula 35. Abono do prezo.-** O Museo do Mar de Galicia vén obrigado ao abono do servizo ao vencemento de cada mes, previa aprobación a e contra a factura emitida polo contratista, conforme ao estipulado no artigo 94 das Instrucións.

## CAPÍTULO XII

### MODIFICACIÓN DO CONTRATO

**Cláusula 36. Modificacións do contrato.-** As modificacións do contrato que sexa necesario realizar por causas técnicas novas ou imprevistas xurdidas con posterioridade á aprobación do mesmo, serán acordadas polo Museo do Mar de Galicia, serán obrigatorias para o contratista e quedarán xustificadas debidamente no expediente nos extremos previstos no artigo 96 das Instrucións..

As modificacións do contrato deberán en todo caso formalizarse por escrito.

Cando as modificacións no contrato, aínda que fosen sucesivas, impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato en contía superior, en máis do vinte por cen do prezo primitivo do mesmo, con exclusión do IVE, ou representen unha alteración substancial da prestación inicial, darán dereito á resolución do contrato.

## CAPÍTULO XIII

### EXTINCIÓN DO CONTRATO, CUMPRIMENTO E RESOLUCIÓN

**Cláusula 37. Cumprimento do contrato.-** O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do mesmo e con plena satisfacción do Museo do Mar de Galicia, a totalidade do seu obxecto.

**Cláusula 38. Resolución do contrato.-** Serán causas de resolución do contrato as sinaladas nos artigos 98 a 100 das Instrucións.

## CAPÍTULO XIV

### CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

**Cláusula 39. Cesión do contrato.-** O contratista non poderá ceder os dereitos e obrigas dimanantes do contrato a terceiros, debido a que na adxudicación interveñen factores determinantes, entre outros, a solvencia técnica, as condicións persoais e a capacidade

material e funcional do contratista. A cesión, de producirse, será causa de resolución do contrato.

**Cláusula 40. Subcontrato.**- O adxudicatario poderá subcontratar parcialmente os traballos obxecto do presente concurso previo coñecemento e autorización expresa do Museo do Mar, cumprindo ademais, e en calquera caso, o previsto no artigo 102 das Instrucións para a subcontratación e cesión do contrato. O adxudicatario responderá dos subcontratistas ante a Museo do Mar en todo o que alcance á súa participación no traballo, de maneira que a subcontratación non libera ao adxudicatario da súa plena responsabilidade ante a Museo do Mar. En calquer caso, a Museo do Mar poderá recusar subcontratistas por causas debidamente xustificadas.

**En Vigo, a 24 de xaneiro de dous mil once, apróbase o presente Prego de Cláusulas Particulares en todos os termos expostos.**

O Secretario do Padroado



MUSEO DO MAR DE GALICIA  
Pablo Carrera Lopez